



## BANDO DA ALCALDÍA

### **A SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO FAI SABER:**

Ante a proximidade das festas de entroido nas que proliferan a venda e mailo uso de artificios de pirotecnia recreativa, lémbrales a todos os cidadáns, por medio deste Bando, a normativa que resulta aplicable,

#### Normativa aplicable:

Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá e RD 563/2010, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e de cartuchería.

Os produtos pirotécnicos para a venda cumpriran as seguintes normas:

- 1.- So se poderán poñer no mercado, distribuír, vender ou utilizar os artigos pirotécnicos que teñan a marca CE e que conste de forma lexible, visible e indeleble sobre a etiqueta fixada a estes nos envases de xeito que a etiqueta non se poida volver a utilizar.
- 2.- A venda directa ó público so se realizará nos lugares autorizados. A unidade mínima de venda será o envase quedando prohibido a venda de unidades soltas.
- 3.- Non se poderán vender, poñer a disposición ou utilizar artigos pirotécnicos a excepción dos pistones de percusión para xoguets, ós menores de 12 anos.
- 4.- Os vendedores de artigos pirotécnicos poderán negarse a vender os seus produtos a aqueles que de forma manifesta se podan atopar baixo os efectos de bebidas alcohólicas.
- 5.- Está prohibido o uso de calquera artigo pirotécnico ós menores de 12 anos.
- 6.- Queda prohibida a venda ambulante de produtos pirotécnicos.
- 7.- A desobediencia ós mandatos da Autoridade competente ou ós seus axentes poderá ser sancionada con multa de ata 300 euros.

A vista de todo o sinalado e coa fin de garantir o máximo de tranquilidade cidadá:

Prohíbese o uso dos produtos pirotécnicos nas vías e espazos públicos, evitándose que a súa utilización produza unha perturbación por ruidos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, e atenderase en todo momento ás indicacións que fagan os axentes da Policía Local.

Lugo, 4 de febreiro de 2016  
A ALCALDESA

Asdo.: Lara Méndez López

